

NA PUNTA DO PÉ

Textos de MERCEDES PRIETO e MONTSE RIVERA

Prólogo de SUSA HERRERA

Ilustracións de JOÃO VAZ DE CARVALHO

PESEDLÁN: Uxía Crieiro, Mercedes Prieto, Montse Rivera, Xan Pampín, Carlos Freire, Miguel Flores, Amando Gottardi.

COLABORACIÓNS: Bea Díaz, Guadi Galego, Pedro Pascual, Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos, Miguel Barriga,

Patricia Rivera, Julián Romero, Iago Carro, Mariña Vidal, Jairo Quitiá, familia Paz Noya, Centro Cultural A Ponte Vella, Concello de Teo, Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Libro-CD-DVD. Encadernado en cartón. 16 x 16 cm. 84 páx. 25 €.

Na punta do pé (galego). ISBN 978-84-8464-752-2.

Na punta do pé (portugués). ISBN 978-989-8205-56-8..

“...Impresionoume a capacidade de sedución destes materiais, o rapidamente que eran aprendidos por un grupo numeroso de persoas de diversas idades e procedencias profesionais, e a orde didáctica que permitía a maxia de que nuns minutos todos e todas estivésemos cantando e bailando ao unísono”.
(Susa Herrera)

“Na punta do pé” é un libro-CD-DVD que anima a aprender cancións, bailes e xogos do patrimonio tradicional galego e portugués dun xeito ameno, divertido e participativo. Comprometidos coa recuperación da cultura lúdica e activa das festas e verbenas, os compoñentes de Pesdelán contribúen á creación desta obra para que sexa compartida por público de todas as idades, logrando ademais un material cunha potente dimensión educativa para o seu aproveitamento nas aulas.

No repertorio hai 12 temas en galego, portugués e mirandés -mesmo algún de orixe brasileira- con arranxos musicais orixinais. O CD tamén inclúe 4 versións instrumentais para seren cantadas. O DVD contén explicacións dos pasos e demostracións dos bailes. En conxunto, trátase dun traballo feito para enriquecer o tempo de lecer, cantando e bailando.



Não te encostes à parede
que a parede dita pó:
encosta-te a mim, amor,
que eu já não posso viver só.

Ai, agora é que me manelo
é que me manelo
é que me reboto:
nos braços do meu amor
ai agora é que me consolo.

Tens uma parede à porta
não a sabes vindimar!
tens o teu amor ao lado
não o sabes namorar.

Ai, agora é que me manelo
é que me manelo
é que me sacudo;
às vistas do meu amor
calço botas, chapéu e tudo.

Não te encostes à parede
que a parede dita pó:
encosta-te a mim, amor,
que esta noite não durmo só.

Ai, agora é que me manelo [...]



■ **Temática:** libro-CD-DVD de música e baile tradicional galego-portugués.

■ **Idade recomendada:** todas as idades.

■ **Aspectos destacables:** o libro contén glosario de pasos de baile, descrición escrita e visual dos pasos, explicación de como se baila cada peza e partitura musical; contén CD cos temas musicais e DVD con demostracións dos bailes; imaxes do ilustrador do libro “28 historias para rir” (KALANDRAKA); educación musical; cultura tradicional; lecer.

■ **Relación de pezas:** O pingacho – Un pasodobre? – O pezinho – O garutiño – A cirigoça – Valse para unha morena – O xogo da carrasquiña – Baião – O vello mentireiro – A caminho de Viseu – Muíneira – A pulga na palla.

Pesdelán

O grupo xorde en 2008 da unión de prestixiosos músicos, bailadores e mestres de coñecidas formacións musicais de Galicia e Portugal (Leilía, Susana Seivane Grupo, Xochilmica, Montelunai, Pula-lle-o-pe). Trascendendo o concepto do grupo musical convencional, Pesdelán fai unha proposta novidosa e atrevida, valéndose da música en vivo e do ensino de xogos e bailes sinxelos, substituindo a idea do público espectador e pasivo pola dun público activo e participante, e pasándoo ben.

João Vaz de Carvalho

(Fundão, 1958)

É un dos ilustradores máis relevantes do actual panorama artístico en Portugal, cunha traxectoria inzada de premios internacionais. A súa achega plástica apórtalle colorido, frescura e simpatía a esta obra multidisciplinar. Gañou o 1º Premio Ilustrarte (2005), o Premio da X Bienal de Ilustración de Serbia 2009) e a Medalla do Mérito Municipal de Fundão (2011), entre outros galardóns. www.jvazcarvalho.com

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com